

## VII CONVOCATORIA PARA SELECCIONAR O PROFESORADO DA UDC QUE FORMARÁ PARTE DOS COMITÉS DE AVALIACIÓN DOCENTE NO MARCO DAS XIII E XIV CONVOCATORIAS DO PROGRAMA DOCENTIA

O Programa de apoio á avaliación da actividade docente do profesorado universitario da UDC (DOCENTIA), que fora informado positivamente pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia no ano 2007 e implantado no curso 2008/09, ten como obxectivo principal contribuír á mellora da calidade da docencia e, en consecuencia, á mellora dos resultados de aprendizaxe do estudiantado.

A partir do curso de implantación e ata o 2023/24, a UDC publicou trece convocatorias para avaliar a actividade docente do seu profesorado coas súas correspondentes edicións do Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC.

De acordo co apartado 5.2.2.2 da décimo cuarta edición deste Manual, aprobado polo Consello de Goberno da UDC na súa reunión do 30/4/2024, é preciso seleccionar os membros que conformarán os Comités de Avaliación Docente (CAD) que participarán no proceso de avaliación correspondente ás XIII e XIV convocatorias para avaliar a actividade docente do profesorado da UDC.

Para iso e tal como establece o apartado 5.2.2.1 da décimo cuarta edición do Manual, a Comisión Interna de Universidade (CIU) publica a VII convocatoria para seleccionar, entre o profesorado da UDC, os/as vogais internos/as que formarán parte dos CAD nas XIII e XIV convocatorias para avaliar a actividade docente do profesorado da UDC de acordo ás seguintes bases.

### PRAZAS QUE SE CONVOCAN

- 2 prazas para o CAD da rama de Artes e Humanidades
- 2 prazas para o CAD da rama de Ciencias
- 2 prazas para o CAD da rama de Ciencias da Saúde
- 2 prazas para o CAD da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas
- 2 prazas para o CAD da rama de Enxeñaría e Arquitectura

### FUNCIÓNS E RESPONSABILIDADES DOS COMITÉS DE AVALIACIÓN DOCENTE (CAD)

- Valorar o conxunto das actividades docentes que realiza cada profesor/a baseándose na información recollida mediante os métodos e técnicas especificados no procedemento de avaliación.
- Realizar un informe individual sobre a actividade docente de cada profesor/a. Este informe necesariamente deberá incluír accións de mellora (actividades de formación, innovación, cumprimento de obxectivos concretos etc.) para o profesorado avaliado, agás no caso de que a valoración sexa de Desempeño Excelente.
- Asistir á reunión de consenso en que se elaborará o informe do CAD de cada docente avaliado/a e se consensúan as accións de mellora que estes deben levar a cabo.

Código Seguro De Verificación	PzkTdw3CU4vqYkEXgDUug==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	16/09/2024 16:52:51
Observacións		Páxina	1/5
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/PzkTdw3CU4vqYkEXgDUug==">https://sede.udc.gal/services/validation/PzkTdw3CU4vqYkEXgDUug==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- d) Velar pola transparencia e o rigor do proceso, así como pola confidencialidade dos datos.
- e) Propoñerlle ao profesorado que obteña unha avaliación condicionada o plan de mellora que debe executar.
- f) Analizar e valorar as evidencias sobre a execución do plan de mellora que presente o profesorado que obtivo a valoración de avaliación condicionada.
- g) Emitir e enviarlle á CIU un informe motivado e consensado por todos os membros do CAD sobre as reclamacións presentadas polo profesorado relativas aos resultados da avaliación da súa docencia.
- h) Propoñer melloras ao manual e ao procedemento de avaliación, a través da enquisa de satisfacción e das actas que xeran o rematar o proceso de avaliación.

### FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes é do **19 ao 27 de setembro de 2024**.

O profesorado interesado debe presentar a solicitude de participación, anexo I, na sede electrónica da UDC, dirixida ao Sr. Reitor da UDC.

### REQUISITOS DE SELECCIÓN

- o Ser profesor/a permanente da UDC a tempo completo con, polo menos, 10 anos de experiencia docente universitaria.
- o Ter sido avaliado/a satisfactoriamente mediante o Programa Docencia.
- o Non ter formado parte dos CAD do Programa Docencia en máis de dúas convocatorias, agás que teñan transcorrido 6 anos desde a súa última participación.
- o Non estar desempeñando o cargo de decano/a ou director/a dun centro nin de director/a dun departamento da UDC.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

- o Avaliación mediante o Programa Docencia, terá prioridade o profesorado que:
  1. Teña actualizada a súa avaliación docente.
  2. Teña acadado unha valoración máis alta, global ou en cada unha das tres dimensións, na súa última avaliación docente.
  3. Teña un maior número de avaliacións docentes cun resultado satisfactorio.
  4. Teña acadado unha mellor valoración, global ou en cada unha das tres dimensións, nas anteriores avaliacións docentes.
- o Experiencia en actividades de avaliación e de xestión
  - o Por actividades de avaliación de profesorado en axencias de calidade ou en universidades: 10 puntos por ano.
  - o Por actividades de avaliación de títulos oficiais en axencias de calidade ou en universidades: 5 puntos por ano.
  - o Por ter desenvolvido actividades relacionadas coa xestión da calidade dos títulos oficiais: 5 puntos por ano.

Código Seguro De Verificación	PzkTdw3CU4vqYkEXgDUug==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	16/09/2024 16:52:51
Observacións		Páxina	2/5
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/PzkTdw3CU4vqYkEXgDUug==">https://sede.udc.gal/services/validation/PzkTdw3CU4vqYkEXgDUug==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Ademais, terase en conta que nos CAD figuren avaliadores/as de diferentes áreas de coñecemento e categorías de profesorado e que estes contén cunha composición equilibrada entre homes e mulleres.

## INCOMPATIBILIDADES

En aplicación do disposto no artigo 23.2.a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

- O profesorado que foi admitido na XIII convocatoria para avaliar a actividade docente do profesorado da UDC non poderá ser avaliador de ningún CAD da presente convocatoria.
- O profesorado que resulte seleccionado ao amparo desta convocatoria se solicita ser avaliado na XIV convocatoria para avaliar a actividade docente do profesorado da UDC entenderase que renuncia a súa condición de avaliador.

Así mesmo, un/unha profesor/a só poderá ser membro dun CAD.

## COMISIÓN DE SELECCIÓN

A selección do profesorado será realizada pola [Comisión Interna da Universidade \(CIU\)](#)

## PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

A CIU seleccionará os membros do profesorado dos CAD da UDC aplicando os requisitos e criterios de selección sinalados anteriormente.

## FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN

1. As persoas interesadas presentarán a súa solicitude segundo o establecido no punto relativo á formalización de solicitudes e achegarán, xunto con esta, os xustificantes/certificados relativos aos méritos que se valoran.
2. A CIU seleccionará os membros dos CAD da UDC segundo o procedemento de selección establecido anteriormente.
3. Antes do 17 de outubro de 2024 , a CIU publicará, no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) e na páxina web da Unidade Técnica de Calidade (UTC) a resolución provisional de persoas que foron admitidas e excluídas por rama de coñecemento coa causa de exclusión.  
En caso de desconformidade coa resolución, o profesorado dispón de 5 días hábiles para presentar unha reclamación perante a CIU, que contan a partir do día seguinte da publicación da resolución provisional.
4. A CIU atenderá as reclamacións que se presentaron e publicará, no TEO e na páxina web da UTC, a resolución definitiva por rama de coñecemento e ordenada por titulares e suplentes.
5. A CIU remitiralle ao Reitor da universidade a resolución definitiva para que proceda a nomear as persoas titulares. **As suplentes poderán ser nomeadas para cubrir baixas ou incrementar o número de vogais dos CAD en función do número de profesorado que se avalíe.**

Código Seguro De Verificación	PzkTdw3CU4vqYkEXgDUug==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	16/09/2024 16:52:51
Observacións		Páxina	3/5
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/PzkTdw3CU4vqYkEXgDUug==">https://sede.udc.gal/services/validation/PzkTdw3CU4vqYkEXgDUug==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



### CONSECUENCIAS DA PARTICIPACIÓN NOS CAD

Os membros dos CAD serán retribuídos segundo o establecido a tal efecto pola ACSUG

Participación	Xornada de traballo presencial (reunión de consenso)			Importe por expediente avaliado
	Menor de 6 h	Entre 6 e 8 h	Maior de 8 h	
300 € brutos	100 € brutos	150 € brutos	200 € brutos	25 €

### INFORMACIÓN SOBRE O PROGRAMA DOCENTIA

As persoas interesadas poden solicitar información por correo electrónico no enderezo [docentia@udc.es](mailto:docentia@udc.es) ou nas extensións telefónicas 1052, 1069, 1046, 2302 e 2303.

O documento íntegro do Programa Docentia está publicado na [páxina web da UTC](#)

O presidente da CIU

Código Seguro De Verificación	PzkTdw3CU4vqYkEXgDUug==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	16/09/2024 16:52:51
Observacións		Páxina	4/5
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/PzkTdw3CU4vqYkEXgDUug==">https://sede.udc.gal/services/validation/PzkTdw3CU4vqYkEXgDUug==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



**ANEXO I**
**SOLICITUDE PARA O PROFESORADO DA UDC PARA FORMAR PARTE DOS COMITÉS DE AVALIACIÓN DOCENTE (PROGRAMA DOCENTIA)**
**APELIDOS E NOME**

**NIF**

**CATEGORÍA/CORPO**

**CENTRO**

**DEPARTAMENTO**

**ÁREA DE COÑECEMENTO**

**CORREO ELECTRÓNICO**

**RAMA DO COMITÉ DE AVALIACIÓN DOCENTE EN QUE SOLICITA PARTICIPAR**

- ARTES E HUMANIDADES
  CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS  
 CIENCIAS
  ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA  
 CIENCIAS DA SAÚDE

**SOLICITA**

Participar como membro nos Comités de Avaliación Docente (Programa Docentia), de acordo cos criterios e o procedemento establecido nesta convocatoria e na edición vixente do Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC.

.....de .....de .....

Asdo.:

**SR. VICERREITOR DE TITULACIÓNS E INTERNACIONALIZACIÓN  
PRESIDENTE DA CIU**

Código Seguro De Verificación	PzkTdw3CU4vqYkEXgDUug==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	16/09/2024 16:52:51
Observacións		Páxina	5/5
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/PzkTdw3CU4vqYkEXgDUug=">https://sede.udc.gal/services/validation/PzkTdw3CU4vqYkEXgDUug=</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

